

## Convocatoria

### Asemblea xeral ordinaria 2023 da Unión de Cooperativas EspazoCoop

Mércores **14 de xuño** de 2023 – 9:30 horas en primeira convocatoria, **10:00 horas** en segunda.  
Hotel Oca Puerta del Camino. R/ Miguel Ferro Caaveiro s/n.  
Santiago de Compostela.

A Presidenta da **Unión de Cooperativas EspazoCoop**, previo acordo do Consello Reitor procede a convocar a Asemblea Xeral Ordinaria de EspazoCoop, o mércores **14 de xuño de 2023** en **Santiago de Compostela**, no Hotel Oca Puerta del Camino (na Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n, 15703 Santiago de Compostela). Sendo a primeira convocatoria ás 9:30 h. e a segunda ás **10:00 h.**

#### Orde do Día:

##### 1| Apertura do Proceso Electoral.

Recollida de votos para elixir ao novo Consello Reitor, entre as candidaturas recibidas.

##### 2| Memoria Social e Balance Social do exercicio 2022.

Informe das actividades realizadas e dos resultados acadados.

##### 3 | Informe de ingresos e gastos do exercicio 2022.

Presentación das contas e lectura ao Informe de auditoría emitido por A3M Consultores.

##### 4| Aprobación, se procede, das contas anuais do exercicio 2022 e da distribución de resultados.

Sométese a votación a aprobación das contas e o destino do resultado existente.

##### 5| Presentación, debate e aprobación, se procede, do Plan de xestión, do exercicio 2023: actuacións e orzamento.

Proposta de actividades a realizar e proxecto de orzamentos, para este ano.

##### 6| Cota asociativa, para 2023.

Aprobación da cota asociativa para 2023, coa proposta de manter os niveis actuais.

##### 7| Elección das persoas que asinarán a acta

Tres persoas presentes na asemblea, deben asinar a acta, xunto coa presidenta e secretario da mesma.

##### 8| Nomeamento do novo Consello Reitor

Comunicación do resultado da votación e nomeamento das persoas do Consello Reitor, que exercerán un mandato de catro anos.

##### 9| Rogos e preguntas

Santiago de Compostela, a 24 de maio de 2023.



Asdo. Ana Olveira Blanco

A partir das **11:30 h.** compartiremos a mañá con outras entidades do **Foro pola Economía Social Galega.**

## INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Os Estatutos Sociais da Unión de Cooperativas EspazoCoop, establecen que:

### **Artigo 19.- Natureza e composición.**

A Asemblea Xeral, constituída validamente, é a reunión dos representantes de cada unha das cooperativas asociadas para deliberar sobre a política xeral da Unión (...). É, polo tanto, o órgano supremo de expresión da vontade social. O acordos da Asemblea Xeral, obrigan a todas as cooperativas asociadas, incluídas as disidentes e as que non participaran na reunión.

Representarán ás cooperativas, na Asemblea Xeral, a persoa que ostenta a Presidencia do Consello Reitor ou a persoa libremente designada ao efecto por cada cooperativa.

### **Artigo 24.- Dereito de voto**

1.- Cada cooperativa asociada terá un voto na asemblea xeral da Unión.

2.- Para exercer o dereito a voto, a cooperativa deberá acreditar que está ao corrente no pago das cotas, o trinta e un de decembro do exercicio anterior

### **Artigo 41.- Aplicación dos excedentes orzamentarios de cada exercicio.**

O saldo dos excedentes que resulten do balance de peche, incorporaranse ao pasivo do balance de situación na partida de fondos propios como remanente ou reserva non repartible, destinada á consolidación da Unión, previo acordo da Asemblea Xeral. Será o Consello Reitor o órgano responsable da aplicación dese remanente de acordo coas necesidades da Unión.

### **Participación na Asemblea**

Para participar na Asemblea, as persoas deberán **inscribirse** no formulario cuxo acceso aparece no correo enviado coa convocatoria, ou tamén [neste enlace](#).

### **O lugar de celebración**

**Hotel Oca Puerta del Camino**, na Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n. Barrio de San Lázaro, en Santiago de Compostela.

**Xeolocalización:** 42.88440, -8.51273

**Aparcamento:** nas inmediacións do hotel e no aparcamento do Campo de fútbol Veronica Boquete (a 250 metros do hotel).